

XIX PREMIO ÁLVARO CUNQUEIRO PARA TEXTOS TEATRAIS

Chegamos despois a unha terra gris, de Raúl Dans

Apuntamentos do xurado

Para o xurado, os elementos máis chamativos desta obra son o tratamento non oportunista dun tema de actualidade, contextualizado nun conflito de máis amplo alento como é o da identidade; as personaxes femininas, moi ben deseñadas e que protagonizan de xeito absoluto a peza, creando unha singular xenealoxía de mulleres de todas as idades; o texto, dunha sobriedade moi eficaz e artellado nuns diálogos plenamente convincentes; finalmente, a orixinalidade da construción da peza e a importancia que nela ten a memoria como eixe de identidade dos individuos.

Apuntamentos do autor

Chegamos despois a unha terra gris desenvólvese arredor dun núcleo familiar en descomposición.

Teatro de personaxes, da palabra como arma, da trama como revelación.

Perdedores, antiheroes modernos nun drama de feitura clásica, mulleres e homes na procura do obxectivo máis lexítimo do ser humano: a conquista da felicidade.

As relacións de parella, os vínculos que nos unen ás persoas, a natureza deses vínculos e as súas escravitudes, o inexorable paso do tempo, as frustracións, o fracaso e as débiles esperanzas que nos manteñen con vida.

Unha mirada sobre o estarrecedor descoñecido que todos levamos dentro.

Algunhas historias pretenden iluminar as zonas escuras da alma humana. *Chegamos despois a unha terra gris* penetra nesas zonas escuras só para perderse nelas.

Raúl Dans

Autor teatral, guionista de cine e televisión e actor de dobraxe.

Dans (1964), que comezou a súa carreira como actor na histórica Compañía Luís Seoane, é un dos integrantes do colectivo fundacional de intérpretes que iniciou a dobraxe en galego, oficio ao que se dedica sen interrupción desde 1985.

En 1993 irrompe na escena da escrita teatral galega con *Matalobos* (Premio Rafael Dieste para Textos Teatrais). Un ano máis tarde, acada o premio Álvaro Cunqueiro de

Teatro con *Lugar*, que o Centro Dramático Galego pon en escena en 1999. En 1997 gaña o prestixioso Premi Born coa obra *Derrota*.

Paralelamente, Dans desenvolve unha sólida traxectoria como dialoguista, argumentista e creador de series de ficción para a televisión –*A miña sogra e mais eu, Pratos combinados, A vida por diante, Terra de Miranda...*–, e recibe axudas institucionais para a redacción de dous guións de longametraxe: *Fragmentos* e *Ás portas do paraíso*.

En 2008 a editorial Espiral Maior publica todo o teatro breve do autor nun volume titulado *Nun mundo hostil*, coincidindo coa edición de *Nachtmahr* (Edicións Xerais-Agadic), finalista dos premios da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

O seu último texto publicado é unha edición revisada de *Matalobos* (Universidade da Coruña, 2009).

V PREMIO MANUEL MARÍA DE LITERATURA DRAMÁTICA INFANTIL

Os reloxos preguíceiros de Néboa, de Xavier Lama

Apuntamentos do xurado

O xurado quixo recoñecer, ao premiar esta obra, a orixinalidade do tema, a fantasía na concepción dos personaxes, o alto grao de elaboración literaria do texto e a singularidade ontolóxica do mundo creado, así como o humor con que se desenvolven acción e diálogos.

Apuntamentos do autor

Na cidade de Néboa vívese unha aparente rebelión de todos os reloxos, porque deixan de contar o tempo. Son moitos os cidadáns con pesadelos sobre os reloxos, que se lles aparecen nas noites invernaís reivindicando a súa preguiza. O Superreloxeiro Experto no Cómputo do Tempo Todo, don Cuco Campá, é o encargado de todo o sistema que mide o paso das horas en Néboa. A través del comezamos a intuír todo un mundo de segredos que han ter unha resolución sorprendente polo camiño do misterio.

Xavier Lama

Xavier Lama naceu en Santa Euxea-Guntín (Lugo). Actualmente traballa na Televisión de Galicia e exerce como profesor asociado na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago.

Colaborou como en distintos medios de prensa: El País, Liberación, La Luna de Madrid, El Correo Gallego, Heraldo de Aragón, Diario de Navarra, La Crónica de León, Canarias 7, Radio Cadena Española, etc.

Polos seus traballos xornalísticos recibiu galardóns como o Air France para novos periodistas, Galicia de Xornalismo ao mellor artigo do ano 1989, L'Oréal de xornalismo literario, etc.

Obtivo tamén diversos premios no ámbito literario. Entre eles, o Álvaro Cunqueiro de narrativa (concellos de Vigo e Mondoñedo), o Camiño de Santiago, o Rafael Dieste e o María Casares de teatro, ou o Esquíu e o González Garcés de poesía. Estreáronse catro dos seus textos teatrais e dúas desas obras (*O peregrino errante que cansou ó demo* e *Memoria de Antígona*) foron postas en escena polo CDG. Tamén é co-autor de *Bicos con lingua*, que segue representándose desde o ano 2003.

Conta con obra publicada en dezaseis libros como autor ou co-autor.

VIII PREMIO BARRIGA VERDE DE TEXTOS PARA TEATRO DE MONICREQUES.

Modalidade de teatro para adultos

Pedra sobre pedra, de Xosé A. Neira Cruz

Apuntamentos do xurado

Entre os méritos subliñados polo xurado cómpre citar a versatilidade estrutural, que fai que o texto poida resultar acaído para montaxes tanto de pequeno coma de gran formato, sen perder por iso a súa identidade como espectáculo; a capacidade para demostrar que un motivo artístico tradicional, como é o do Pórtico da Gloria, pode ser susceptible de tratamentos novidosos; finalmente, o suxerente que o texto resulta non só no nivel literario senón tamén no escenográfico ou mesmo técnico.

Apuntamentos do autor

Pedra sobre pedra conta en formato dramático a historia dunha infamia frecuente: a vivida polos que sofren o expolio das súas ideas, dos seus proxectos, dos seus sonhos... con total impunidade. Roubar traballo e ilusión alleos é práctica habitual na sociedade actual. Pero quizais sexa unha práctica tan antiga como a humanidade. Cando menos, así nolo parece demostrar *Pedra sobre pedra*, onde atopamos ao Mestre Mateo afeito en protexer a evolución e remate do Pórtico da Gloria, obra contra a que traballan os ignorantes, os cobizosos, os necios, os traidores, os envexosos, os que non saben nin deixan facer.

Non sabemos se esta historia foi real. Porén, resulta revelador que o autor da meirande marabilla da escultura románica europea, sexa, aínda hoxe, un descoñecido para os propios galegos. Alguén de quen non transcendeu máis que un nome e unha obra impresionante contra a que, malia todos os seus intentos, as forzas do mal finalmente non puideron.

Xosé A. Neira Cruz

Escritor, xornalista e profesor da Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago, Xosé A. Neira Cruz (Santiago de Compostela, 1968) deuse a coñecer como narrador en 1988, cando gañou o Premio Merlín. Desde entón, acadou outros galardóns: o Barco de Vapor en 1997 e 1999, o Merlín, que volveu gañar no ano 2000, o Premio Raíña Lupa, acadado no ano 2002 e o Premio Lazarillo, que lle foi outorgado en 2004 polo texto de teatro infantil *A noite da raíña Berenguela*. A súa obra foi tamén destacada con dous Premios Lecturas (concedidos polos lectores das bibliotecas galegas), e foi seleccionada pola Biblioteca Internacional da Xuventude de Múnic para a Lista de White Ravens e polo Banco del Libro de Venezuela, que considerou en 2006 que a súa novela *O armiño dorme* era unha das dez mellores obras xuvenís do mundo publicadas nese ano.

Se ben a maior parte da súa obra sitúase na narrativa, tamén frecuentou o xénero teatral, tendo sido levadas a escena dúas obras da súa autoría, *Cando a noite cae*, representada pola compañía Teatro da Falúa en 2007 e merecente do 2º Premio “Galiza crea” de teatro afeccionado da Xunta de Galicia, e *Valdemuller*, adaptada teatralmente polo Centro Dramático Galego baixo a dirección de Pablo Vergne.

En 2008 fíxose co Premio Barriga Verde de textos teatrais para monicreques (modalidade infantil) coa obra *O punto da escarola*, publicada por Baía Edicións, que será levada á escena proximamente pola compañía Acontrabutaca. No eido da poesía foi galardoado en 2007 co Premio Fiz Vergara Vilariño pola obra *De esparto e seda* (Espirál Maior, 2008).

Á parte da súa faceta de creador, dedícase á investigación no ámbito do xornalismo e da literatura infantil, tendo sido convidado para impartir cursos e conferencias sobre o libro e a lectura en Alemaña, Brasil, Cuba, China, Sudáfrica, Colombia e Francia. Asemade, fundou a revista *Fadamorgana*, da que é director. Entre os anos 2000 e 2004 foi membro do comité executivo de IBBY e presidente do xurado internacional do Premio IBBY-Asahi Reading Promotion durante o período 2002-2004. Comisario de exposicións de relevo internacional, como a titulada “A viaxe a Compostela de Cosme III de Médicis” (S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, outubro de 2004-xaneiro de 2005), director de varios cursos de verán da Universidade de Santiago, foi tamén cofundador da compañía de teatro Bicodobrelo.

Entre a súa bibliografía, hai que sinalar os seguintes títulos:

- Ó outro lado do sumidoiro*. Premio Merlín 1988 (Xerais, 1989).
- Valdemuller*. Premio O Barco de Vapor 1997 (SM, 1998). Traducida ao castelán, catalán e portugués.
- Os ollos do tangaleirón*. Premio O Barco de Vapor 1999 (SM, 2000). Traducida ao castelán.
- As cousas claras*. Premio Merlín 2000 (Xerais, 2000). Traducida ao castelán, catalán e portugués.
- O armiño dorme*. Premio Raíña Lupa 2002; Lista de White Ravens da Biblioteca Internacional da Xuventude de Múnic; “Los mejores de 2006” do Banco del Libro de Venezuela (Galaxia, 2003). Traducida ao castelán, catalán e portugués. En curso as traducións ao francés, alemán e italiano.
- A noite da raíña Berenguela*. Premio Lazarillo 2004 (Planeta-Oxford, 2005). Traducida ao castelán.
- Son adoptada, e que?* Premio Lecturas 2005 (Galaxia, 2004). Traducida ao castelán, catalán, asturiano, vasco, aragonés, asturiano e coreano.
- Gatos e leóns* (Planeta-Oxford, 2006). Traducida ao castelán. En curso a tradución ao portugués e ao alemán.

- *O prodixio dos zapatos de cristal* (Galaxia, 2008). Incluída na lista de White Ravens da Biblioteca Internacional de Múnic.
- *O punto da escarola* (Baía-Agadic, 2008). Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques 2008 (modalidade infantil).
- *Sopa de xarope de amora* (Xerais-Agadic, 2010), Premio Manuel María de literatura dramática infantil 2009.
- *O medo de Mo* (MacMillan, 2010). Traducida ao castelán.
- *Unha costura no tempo* (Oxford, 2010). Traducida ao castelán e catalán.

VIII PREMIO BARRIGA VERDE DE TEXTOS PARA TEATRO DE MONICREQUES.

Modalidade de teatro infantil

Fábula galénica, de Inacio Vilariño

Apuntamentos do xurado

O xurado salientou de xeito especial o feito de que a acción dramática se desenvolva nunha estrutura marco orixinal, que permite múltiples posibilidades á hora de concretarse escenicamente. Tamén que a obra transcorra nunha variedade de espazos que se relacionan de xeito dinámico, así como a sinxeleza dunha historia que, porén, mobiliza unha ampla variedade de personaxes que, malia estaren maiormente inspirados no mundo das fábulas tradicionais, resultan ben actuais. Finalmente, a frescura e axilidade dos diálogos.

Apuntamentos do autor

Fábula galénica é fábula porque nela hai animais que falan como as persoas e persoas que se comportan como animais. É galénica porque de galena estaban feitas as radios antigas coma a utilizada nesta historia para contar as aventuras do burro da tía Lola, personaxe inmortalizada polos gaiteiros Os Dezas de Moneixas no pasodobre do mesmo nome.

Inacio Vilariño

Inacio Vilariño Sanmartín licenciouse en Belas Artes pola Universidade de Vigo. Comezou a traballar coa compañía de monicreques Viravolta no ano 1993, participando en todos os seus espectáculos como construtor e manipulador até o ano 2005, momento en que comeza a colaborar coas compañías portuguesas Teatro Caracol e Teatro do Elefante, e crea en Lisboa Fantoques Baj, proxecto que actualmente dirixe.

É tamén un colaborador habitual como actor e escenógrafo, desde o ano 1999, dos espectáculos de Os Quinquilláns. Foi membro fundador das compañías Seisdedos e Orfanato Albert Anso de Gramont, así como do Museo Galego da Marioneta. Na actualidade tamén dirixe o proxecto expositivo galego-portugués *Grandepequeno*, a través do que se pretende difundir e dinamizar a cultura popular e as súas representacións de escala.

En 2009 obtivo o Premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques, na modalidade de teatro para adultos, por *Auga que non vas beber...*, coeditada este ano por Baía Edicións e Agadic.